

O Iroite (685 m) é a cima máis alta da Serra do Barbanza. Esta serra separa as rías de Arousa das de Muros e Noia.

O percorrido comeza na aldea de Vilaboa, próxima a Noia. Baixaremos ata o regato do mesmo nome, e seguiremos o seu curso ascendendo entre bosques de ribeira tradicionais. Entre carballos e loureiros chegaremos o muíño de Arxellas, recentemente restaurado. No pequeno poboado de Arxellas poderemos observar algunha construción típica, como son os seus hórreos comunais. Dende aquí seguiremos o que posiblemente sexa a continuación do camiño real que parte de Noia, e ascenderemos ata a pista forestal que sobe dende Camboño,

A partir deste momento xa teremos o mar á vista. Pronto deixaremos a pista, ascendendo xa decididamente pola cara norte do monte Iroite, por sendeiros boscosos surcados en ocasións por regatos que baixan pola súa aba. Pouco a pouco chegaremos os valados gandeiros que inundan toda a serra do Barbanza. Estímanse nuns 2.000 cabalos e outras tantas cabezas de vacún as que campan libremente polas súas terras.

Rematada a ascensión, teremos un fermosa vista de Noia e toda a vertente do monte por onde subimos. Achegarémonos deseguido a súa vertente oeste, e dende aí gozaremos da vista máis espectacular. Aos nosos pés temos toda a ría, con Portosín e Porto do Son en primeiro termo, máis alá o Monte Louro, Muros, Esteiro e Outes, xunto co pico Tramuzo. E ao fondo, impoñéndose no horizonte, a silueta do monte Pindo.

Tras achegarnos ao vértice xeodésico que fixa o punto máis alto da Serra do Barbanza o Iroite, bordearemos a estación militar de vixancia aerea, sempre con fermosas vistas da Serra do Barbanza (a Curota), e do mar que a rodea.

Preto outra vez do vértice xeodésico comezamos a baixada entre terreos gandeiros para chegar o alto de Guiende, esta vez na cara este da serra, dende aí poderemos contemplar toda a bisbarra de Lousame e os montes Muralla e Medo. Máis ao fondo poderase intuír

Santiago de Compostela.

Seguiremos baixando, atravesando un curro de cabalos, onde xuntas as mandas espalladas para cortarles as crinas. Meterémonos novamente nunha zona boscosa de ribeira, con intricadas senllas semiabandonadas, para acabar saíndo dela moi preto de onde iniciamos a ruta. Tras unha pequena pendente retornaremos a Vilaboa.

Nivel de dificultade: media. Técnica: baixa. Distancia aprox. 18 km. Desnivel acumulado.

**O que hai que levar:** xantar, auga, imprescindible botas, roupa según a predición metereolóxica.

Tomaremos café no pobo de Noia.

**Saída ás 8,00, do Estadio de Riazor,**

*O camiño vai por moitas encrucilladas así que non adiantedes aos monitores..*

Teléfonos de interese: **SOS Galicia 112. Organización 646358825.**

#### PROXIMAS ACTIVIDADES

- ✓ 7 de junio 2015: Fraga da Marronda (LU)
- ✓ 19-21 de junio 2015: Picos de Europa (AS)
- ✓ 28 de junio 2015: Recorriendo O Vicedo (LU)
- ✓ 13 de septiembre 2015: Arredores de Boiro (CO)
- ✓ 19-20 de septiembre 2015: Arredores da Guardia (PO)
- ✓ 4 de octubre 2015: Arredores de Arnoia (OU)
- ✓ 25 de octubre 2015: Arredores da Merca (OU)
- ✓ 15 de noviembre 2015: Souto de Cruzul (LU)
- ✓ 13 de diciembre 2015: De Corme a Ponteceso (CO)




Teléfono: 981 213115  
Correo: artabros@artabros.org



SOCIEDADE DE MONTAÑA  
ARTABROS

COÑECE E CAMIÑA



**17 de Maio de 2015**

**SUBIDA AO IROITE  
(CIRCULAR DE VILABOA)**



